

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL (INORDE) PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO TREVINCA-VALDEORRAS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o INORDE para a execución das seguintes actuacións:

LIÑA		ACTUACIÓN
1. ACCIÓNS DE COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO	1	Participación en feiras sectoriais
	2	Plan de comunicación e redes sociais
	3	Campaña "Terras que Saben"
	4	Deseño e produción dun "roadshow"
	5	Accións de comunicación con medios especializados
2. PLANIFICACIÓN, CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO EN XEODESTINO	6	Desenvolvemento do Modelo de Estudo do perfil da demanda



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O INORDE aprobou a subscripción, con todos os concellos que integran o xeodestino turístico Trevinca-Valdeorras (anteriormente chamado Manzaneda-Trevinca), dun convenio de colaboración para a execución dunha serie de actuacións que forman parte do Plan Director do xeodestino. En virtude deste convenio de colaboración, os municipios interesados encomendaron ao INORDE a función de ente xestor do Plan Director do xeodestino, no ámbito das competencias municipais, delegando neste organismo autónomo o exercicio das competencias necesarias para executar a primeira fase do dito Plan. O INORDE, como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio.

Que de conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) é un organismo



autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins.

.

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Valdeorras- Trevinca, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlase na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

No Plan Estratéxico do Turismo 2020, de acordo co obxectivo estratéxico 5.5. Xeodestinos. Impulso a ordenación territorial turística de Galicia, na liña estratéxica 5. Cooperación na cadea de valor do turismo, a Axencia Turismo de Galicia desenvolve accións de apoio a aqueles xeodestinos que contan con organización para levar a cabo actuacións de promoción dos mesmos.



A través deste convenio, outórgase ó INORDE unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

